

MANUELA REY, A MULLER LIRIO

ANTONIO REIGOSA CARREIRAS
CRONISTA OFICIAL DE MONDOÑEDO



No Teatro D. María II de Lisboa brillou como ningunha a estrela rutilante desta actriz que naceu en Mondoñedo en 1842 e morreu, cando o éxito máis lle sorría, con tan só 23 anos.

De Mondoñedo a Lisboa

Nun libro titulado "Manuela Lopes Rey", o nº 3 da colección *Os Contemporaneos*, editado en Lisboa probablemente en 1867, dise que naceu en Mondoñedo o 24 de outubro de 1843. En realidade, e así consta no rexistro da parroquia de Santiago de Mondoñedo, chamábase María Manuela Ramona Rey González e naceu o 1 de outubro de 1842, tal e como xa nos descubriera D. Gamallo Fierros en 1960.

Segundo o texto de *Os Contemporaneos*, cando a pícara ten entre 4 e 5 anos pasa por Mondoñedo unha compañía dramática itinerante que se hospeda na fonda onde a nai de Manuela, unha viúva cercada de dez fillos, traballaba. A meniña conquistaría a estima dos comediantes e estes propoñeríanlle á nai que llela cedese en adopción.

O apelido "Lopes", ao entender da *Grande Enciclopedia Portuguesa e Brasileira*, era o da súa nai adoptiva.

A faranduleira

Puido comezar así a vida nómade de Manuela, a carón dunha familia postiza, cun pai cariñoso pero cunha nai desafecta. Só unha muller vella lle amosaba o cariño dunha auténtica avoa. Dise que aos 6 anos xa recitaba versos no escenario e facía pequenos papeis. Aos 8 representa na cidade de León a obra "O Gaiato de París", e aos 9, estando en Palencia, morre o pai adoptivo e un fillo da vella que lle facía de avoa (ao que Manuela chamaba tío) casa coa viúva e convértese no seu titor.

A compañía entra en Portugal por Valença, Chaves, Bragança... mais seguen as desgrazas. Estando na Régoa morre a avoíña, D. Dolores. Logo viría o deambular por



Viana, Ponte de Lima, indo e vindo, collendo oficio. A saúde éralle esquiva, agora por febres intermitentes.

No Porto non tiveron éxito e a compañía disólvese. O seu titor viaxa a Lisboa e leva a Manuela canda si.

Outra versión dos primeiros anos

Gamallo Fierros desmente en parte, en artigos publicados en *El Progreso* o 9 de outubro e o 19 de novembro de 1960, esta versión. Transcribe a partida de nacemento, que confirma que tivo lugar o 1 de outubro de 1842. Era filla de Andrés Rey Expósito e de Francisca González, entón solteiros, veciños de Pradela, na Rilleira de Trigás, un lugar que pertence hoxe á parroquia de San Vicente. O seus pais casaron o 11 de febreiro de 1843, e de aí en adiante van nacendo ata 7 irmáns máis: Dominica (1844), Rosa (1846),

Bernardo (1848), Filomena (1851), Manuel (1854), morto axiña, outro Manuel (1856) e María (1860).

Imaxina Gamallo que Manuela aínda andaría por Mondoñedo aos 10 anos, e que logo emigraría a Portugal. Supón que en 1856 xa estaría en Lisboa, fose cal fose a maneira ou o motivo polo que marcha de Mondoñedo. Apunta Gamallo que Cunqueiro (por tanto, Cunqueiro soubo da existencia de Manuela) lle expresara verbalmente a opinión de que puidera terse ido para Lisboa como asistenta con alguén da familia Barro de Vilوالle. De momento, outra imaxinación, neste caso de Cunqueiro.

Manuela en Lisboa

Segundo o historiador J. César Machado, quen tivo a fortuna de asistir como espectador á súa estrea como actriz, Manuela Rey chega en 1856, con 14 anos, a Lisboa da man do seu pai, formando parte dunha compañía de teatro ambulante. En Lisboa comeza recitando en español no Teatro do Salitre no drama *O Filho do Cego*. Fai de *menino* e conquista xa entón o favor do público. Actúa en Setúbal, fai probas para o Teatro de San Carlos, declama en español e portugués ata que membros do consello dramático consideran que “a hespanhola” ten algo; un don.



Duarte Cardoso de Sá dálle leccións de educación gramática e de lingua portuguesa, e axiña é contratada polo Theatro D. Maria II, onde estrea con éxito o 23 de novembro de 1857 a comedia *A alegria traz o susto*. O primeiro papel, sen embargo, ía ser o de “María” na obra Frei Luiz de Sousa pero ao morrer o actor principal, houbo que suspender.

O pouco que gaña Manuela entrégallo á familia. Viste pobrememente e peitése peor. Cando representa a obra *Os homens sérios* tivo que empeñar o colar de ouro

que lle deixara en herdo a avoa para poder mercar a roupa e os aderezos necesarios para as representacións.

Pouco a pouco vai gañando prestixio. En 1859 xa figura nunha listaxe de biografías de actores e actrices destacados de Portugal e Brasil que se ía publicar baixo o título “Galería artística” da autoría do propio Machado, Andrade e Ferreira.

Neste mesmo ano, polo outono, Manuela Rey lidera unha reclamación polémica ao solicitar do Teatro Nacional un pago mensual de 72 mil réis, unha nómina moi considerable para a época e para ela mesma, tendo en conta que tan só era unha promesa. Tamén en 1859 recita por primeira vez nunha sociedade dramática, unha poesía en portugués: *Eu pobre donzella, na aurora da vida / já tenho tragado mil gotas de fel ...*

Aos poucos vai conquistando ao público en papeis menores, de “ingênua”, ata que a partir de 1864 van chegando outros máis importantes en obras como Os Fidalgos do Bois Doré, Fogo no convento, Vida de um rapaz pobre, Nobres e plebeus ... xunto a actores e actrices de moito renome na época: Rossa, Theodorico, Tasso, Emilia das Neves ou Soller.

Amores e desamores

Ao parecer era alta e elegante, de pé pequeno, ollos entre verde e azul, cabelo entre louro e castaño, fermosa –loura musa de escena-; un tipo de beleza e elegancia nunca visto. De ollar vivísimo, o leve encrespar da fronte, “a prega eloquente dos cantos da boca, o ar ora triste, ora inocentemente alegre, o aroma de juventude e de poesía, a forza e a graça daquele talento peregrino”.

En 1865 o escritor dramático J. A. Correia de Barros e o xornalista Francisco Serra, bátense en duelo por ela.

Pero antes, moitos antes, en Lisboa prendeu insistente o rumor de que o rei Pedro V, antes de casar coa princesa Estefanía de Hohenzollern-Sigmaringen, sentíu grande debilidade pola actriz e mesmo a quixo condecorar coa medalla da Orde de Santiago.

Escritora, pensadora

Manuela, ademais de actriz, escribiu algunhas obras como a comedia titulada *A actriz* e o proverbio *Por este deixarás pae e mãe*, disque nun estilo elegantísimo. Atopáronse capítulos truncados de romances da súa autoría; tamén cartas, escritos filosóficos e apuntamentos autobiográficos.

Neles percíbese a sensibilidade dunha muller aflixida cando se lamenta de non ter gozado da infancia nin das alegrías do corazón. Ou cando bota en falta o afecto maternal, ou un namoramento fallido, e ata reflexións arredor do feito de ser muller e de que os homes non comprendan:

“Cegos que a não consideram como metade da sua alma senão como precisa á sua vaidade e aos seus caprichos ... Para ao outro dia se afastarem d’ella como se desviariam dun lamaçal, não se lembrando que días antes eran elles propios que jubilosos se engolphavam n’essa lama”

A muller lirio

Foise na tardiña do 26 de febreiro de 1866. Matouna o tifo e unha curta e intensa vida chea de penalidades e mala saúde. Manuela Rey, “notabilidade dramática”, a mellor actriz que tiña o teatro nacional portugués daquel entón contaba tan só 23 anos. Elegancia, talento e graza, xunto coa fermosura que se reitera en cada crónica, convertérona nun mito.

César Machado, o gran historiador do teatro portugués, dixo dela que era “mulher lírio” e o seu mal fado quixo que o seu derradeiro recitado diante o público (4 de xaneiro de 1866), un poema de E. Vidal, comezase sí:

O lyrio desponta e cresce / á luz da manñã que assoma ltudo é viço e tudo aroma In'aquella graciosa flor.


A súa carreira foi “rápida e brillante”. O público adorábaa. Morreu? Non morreu; disipouse coma un relampo!

Os últimos días de Manuela Rey

En decembro de 1865 aínda brillaba no escenario. A principios do 1866 intervén en *Um cura de almas*, e recita, coa palidez no rostro, o poema *Primeiros Amores* de E. Vidal.

Xa ten febre.

O 5 de febreiro deu un paseo polo Jardim da Estrela e ao regreso séntese peor. O día 8 encamou, o 24 a enfermidade pulmonar que padece agrávase e o 26, sobre as seis e media da tarde morre na súa residencia da Praça da Figueira, 46, 3º andar, acompañada de amigas e amigos, poetas e actores, entre os que estaban Ernesto Biester, J. A. Correia de Barros, Manuel Roussado e Rosa Júnior.



O goberno ordena facerlle a autopsia por haber sospeita de crime. Ao seu funeral, que se celebrou na igrexa de San Domingos, asisten numerosas figuras do teatro: escritores, actores e público.

Foi o primeiro funeral dunha actriz ao que asistían señoras.

O seu corpo foi soterrado no Cemiterio dos Prazeres no espazo reservado pola Asociación dos Socorros Mútuos dos Actores Portugueses. Acompañouna un cortexo fúnebre composto por centos de carruaxes, só superado en número polo do rei don Pedro V e o do orador (político) José Estevão, desaparecidos cinco e catro anos antes respectivamente.

Francisco Palha (1824-1890), empresario teatral e comisario rexio no D. María daquel tempo, tirou dela unha medalla de ouro cos seus dourados cabelos e entregoulla á grandísima actriz Delfina do Espírito Santo (1818 -1881).

Delfina, ao parecer, deixou disposto no seu testamento que á súa morte a medalla volveuse a mans de Palha.

Bibliografía

Feminae. Dicionário Contemporâneo. João Esteves e Zília Osório de Castro (direção), Ilda Soares de Abreu, Maria Emília Stone (Coordenação), Comissão para a Cidadania e a Igualdade de Género, Editorial do Ministério da Educação e Ciência, Lisboa, 2013.

FERREIRA, RAFAEL. *Da Farsa à Tragédia – Teatros, Circos e mais diversões de outras épocas*, Porto, Domingos Barreira Editor, 1943, pp. 68-69.

Grande Enciclopédia Portuguesa e Brasileira, Lisboa; Editorial Enciclopédia, 1900.

LOPES DE OLIVEIRA, AMÉRICO. *Dicionário de Mulheres Célebres*, Porto, Lello & Irmão, Editores, 1981, pp. 1108-1109.

MACHADO, JÚLIO CÉSAR. *Os Teatros de Lisboa*, Editorial Notícias, 1991, p. 146;

MADUREIRA, JOAQUIM. (Braz Burity), *Impressões de Teatro*, Lisboa, Ferreira & Oliveira, Lda. Editores, 1905, p. 478.

Manuela Lopes Rey: esboço biográfico [c/ retrato], *Os Contemporâneos*, n.º 3, Lisboa, Escritório da Empresa, Imprensa de Sousa Neves, 1867?, pp. 1-63;

MARECOS, ERNESTO. *Coroa de Perpétuas, elegia por ocasião da morte de Manuela Rey distinta actriz do Teatro D. Maria II, dirigida a J. J. Tasso, exímio actor do mesmo Teatro*, Lisboa, Imprensa de J. Germano de Sousa Neves, 1866.

MATOS SEQUEIRA, GUSTAVO DE. *História do Teatro Nacional D. Maria II*, Vol. I, Publicação Comemorativa do Centenário, 1846-1946, Lisboa, 1955, pp. 219, 228, 250, 255, 264, 172 e 275;.

Memórias de Eduardo Brazão, que seu filho compilou e Henrique Lopes de Mendonça prefaciou, Lisboa, Empresa da Revista de Teatro, Editora, s.a., p. 46.

SOUSA BASTOS, ANTÓNIO. *Dicionário do Teatro Português*, Lisboa, Imprensa Libânio da Silva, 1908, p. 11 e 194.

Artigos en libros

CUNQUEIRO, ÁLVARO. *Cunqueiro en La radio. Cada día tiene su historia y otras series*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, conde Fenosa. A Coruña, 1991, p. 232 (radiado 23 de setembro de 1960).

ESTEVES PEREIRA E GUILHERME RODRIGUES, *Portugal. Dicionário Histórico, Corográfico, Biográfico, Bibliográfico, Heráldico, Numismático e Artístico*, Vol. VI, Lisboa, João Romano Torres & Ca., Editores, 1912, p. 199-200.

Artigos en revistas

VILANOVA RODRÍGUEZ, ALBERTO. «Rey González, M^a Manuela», en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo XXVI, Silverio Cañada, editor, 1974.

Artigos en xornais

GAMALLO FIERROS, DIONISIO. «Lugo en Lisboa hace 100 años. Manuela Rey, Pedro V y Pastor Díaz, una actriz dramática, un monarca y un embajador», en *El Progreso*, 9 de outubro de 1960. páx. 16 e 15.

GAMALLO FIERROS, DIONISIO. «Más sobre Manuela Rey González, la actriz mindoniense que enamoró a Pedro V de Portugal», en *El Progreso*, 19 de novembro de 1960. páx. 8 e 4.

REIGOSA, ANTONIO. "Manuela Rey. A muller lirio", *El Progreso*, (12-1-2016)

REIGOSA, ANTONIO. "Os últimos días de Manuela Rey", *La Voz de Galicia*, (ed. A Mariña), (30-3-2016)

Recursos web

[Intervención de Álvaro Cunqueiro sobre Manuela Rey na radio \(29 de setembro de 1960\)](#)

["La amante del rey de Portugal", *La Voz de Galicia* \(14/02/2016\)](#)

["As Polafías da AELG. Lembrando a Manuela Rey, a actriz de Mondoñedo que triunfou en Portugal"](#)

[Manuela Rey no Web de Andrés García Doural](#)

[Vídeos da Polafía en torno a Manuela Rey organizada en Mondoñedo pola sección de literatura de tradición oral da AELG](#)

[Nova sobre a Polafía que a sección de literatura de tradición oral da AELG organizou en Mondoñedo en torno a figura da actriz mindoniense Manuela Rey](#)

[Manuela Rey en Galicia Digital](#)

[Manuela Rey en laduda.net](#)

[Manuela Rey no Caderno de campo de Antonio Reigosa](#)

["Manuela Rey, a maior das actrices do teatro portugués de mediados do século XIX", en Album de mulleres. por Antonio Reigosa](#)

